

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10388 REAL DECRETO 546/2003, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións específicas de loita contra a peste porcina africana. («BOE» 123, do 23-5-2003.)

As medidas de loita contra a peste porcina africana están contidas no Real decreto 791/1979, do 20 de febreiro, polo que se regula a loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino, no Real decreto 425/1985, do 20 de marzo, polo que se establece o Programa coordinado para a erradicación da peste porcina africana, e no Real decreto 983/1987, do 24 de xullo, polo que se establecen normas complementarias ó Programa coordinado para a erradicación da peste porcina africana.

Ante a incidencia económica moi importante desta enfermidade, establecéronse medidas comunitarias de loita contra a enfermidade mediante a Directiva 2002/60/CE do Consello, do 27 de xuño de 2002, pola que se establecen disposicións específicas de loita contra a peste porcina africana e se modifica, no que se refire á enfermidade de Teschen e á peste porcina africana, a Directiva 92/119/CEE.

Mediante este real decreto incorpórase ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/60/CE, establécense as medidas mínimas de loita contra a peste porcina africana e modifícase ó tempo o Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, co fin de excluí-la enfermidade de Teschen do grupo de enfermidades contra as cales son aplicables as medidas xerais de loita establecidas no dito real decreto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las medidas mínimas de loita contra a peste porcina africana, que deberán aplicarse en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) Porco: calquera animal da familia «Suidae», incluídos os xabarís.
- b) Porco salvaxe «xabaril»: todo porco non mantido nin criado nunha explotación.
- c) Explotación: os locais, agrícolas ou non, nos que se manteñan ou críen porcos de forma permanente ou temporal. Nesta definición non se inclúen os matadoiros, os medios de transporte, nin as zonas cercadas nas que se manteñen ou poden cazarse xabarís; estas zonas cercadas deberán ter un tamaño e estrutura tales que non resulten aplicables as medidas previstas no artigo 5.1.
- d) Manual de diagnóstico: o manual de diagnóstico da peste porcina africana, aprobado pola Comisión Euro-

pea de acordo co artigo 18.3 da Directiva 2002/60/CE do Consello, do 27 de xuño de 2002.

e) Porco sospeitoso de estar infectado co virus da peste porcina africana: todo porco, ou cadáver de porco, que presente, no exame clínico ou na autopsia, síntomas clínicos ou lesións, ou reaccións ás probas de laboratorio realizadas conforme o manual de diagnóstico, que indiquen a posible presenza da peste porcina africana.

f) Caso de peste porcina africana, ou porco infectado con peste porcina africana: todo porco, ou cadáver de porco, no que se comprobouse oficialmente a presenza, no exame clínico ou na autopsia, de síntomas clínicos ou lesións de peste porcina africana, ou no que se comprobouse oficialmente a presenza da enfermidade como resultado dun exame de laboratorio realizado conforme o manual de diagnóstico.

g) Foco de peste porcina africana: a explotación onde se detectase un ou máis casos de peste porcina africana.

h) Foco primario: o foco a que se refire o artigo 4.1.a).1.º o Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación.

i) Zona infectada: zona onde, trala confirmación dun ou máis casos de peste porcina africana en xabarís, se apliquen medidas de erradicación da enfermidade de acordo cos artigos 15 ou 16.

j) Caso primario de peste porcina africana en xabarís: todo caso de peste porcina africana que se detecte en xabarís dunha zona na que non se apliquen medidas de acordo cos artigos 15 ou 16.

k) Explotación de contacto: toda explotación en que se poida ter introducido a peste porcina africana, como resultado da súa localización, do movemento de persoas, porcos ou vehículos, ou de calquera outra forma.

l) Propietario: toda persoa, física ou xurídica, que sexa propietaria dos porcos ou estea encargada da súa cría, con remuneración ou sen ela.

m) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para os intercambios con países terceiros.

n) Veterinario oficial: o veterinario designado pola autoridade competente.

ñ) Transformación: un dos tratamentos para o material da categoría 2 previsto no Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano, aplicado de maneira que se evite o risco de propagación do virus da peste porcina africana.

o) Matanza: a matanza de porcos tal como se define no artigo 2.f) do Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza.

p) Sacrificio: o sacrificio de porcos tal como se define no artigo 2.g) do Real decreto 54/1995.

q) Vector: un carracho da especie *Ornithodoros erraticus*.

Artigo 3. *Notificación da peste porcina africana.*

1. A presenza, ou a súa sospeita, da peste porcina africana deberá ser obxecto de notificación obrigatoria e inmediata á autoridade competente.

2. Sen prexuízo do disposto no Real decreto 2459/1996, a autoridade competente no territorio da cal se confirme a presenza de peste porcina africana:

a) Notificaralle a enfermidade ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e informará o dito minis-

terio, para efectos de que este notifique a dita enfermidade e informe a Comisión Europea, a través do medio correspondente, e os demais estados membros, de acordo co disposto no anexo I, sobre:

1.º Os focos de peste porcina africana que se confirmasen en explotacións.

2.º Os casos de peste porcina africana que se confirmasen nun matadoiro ou medio de transporte.

3.º Os casos primarios de peste porcina africana que se confirmasen en xabaris.

4.º Os resultados da enquisa epidemiolóxica realizada conforme o artigo 8.

b) Informará o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos de que este informe a Comisión Europea, a través do medio correspondente, e os demais estados membros, sobre os casos posteriores confirmados en xabaris nunha zona infectada con peste porcina africana de acordo co punto 3.a) e o punto 4 do artigo 16.

Artigo 4. *Medidas en caso de sospeita de peste porcina africana nunha explotación.*

1. Cando nunha explotación haxa un ou varios porcos dos que se sospeite que están infectados co virus da peste porcina africana, a autoridade competente porá en práctica inmediatamente os medios de investigación oficiais destinados a confirmar ou descarta-la presenza da dita enfermidade, de acordo cos procedementos establecidos no manual de diagnóstico.

Cando a explotación sexa visitada por un veterinario oficial, realizarase así mesmo unha comprobación do rexistro e das marcas de identificación dos porcos previstos nos artigos 4, 5 e 7 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina.

2. Cando a autoridade competente considere que non pode descartarse a sospeita de presenza de peste porcina africana nunha explotación, porá a explotación baixo vixilancia oficial e, en particular, disporá que:

a) Se leve a cabo o reconto de tódalas categorías de porcos da explotación, e que se estableza unha lista co número de porcos de cada categoría que xa estean enfermos ou mortos ou poidan estar infectados. A lista deberase actualizar para ter en conta os porcos nacidos e mortos durante o período de sospeita. Os datos da dita lista deberanse exhibir, se así se solicitase, e poderán controlarse en cada visita.

b) Tódolos porcos da explotación permanezan nos locais onde se aloxen normalmente ou se confinen noutro lugar que permita o seu illamento.

c) Se prohíba toda entrada de porcos na explotación, así como toda saída dela. En caso necesario, a autoridade competente poderá amplia-la prohibición de saída da explotación ós animais doutras especies e esixi-la aplicación das medidas oportunas para destruír roedores ou insectos.

d) Se prohíba toda saída de cadáveres de porcos da explotación, a menos que medie unha autorización expedida pola autoridade competente.

e) Se prohíba toda saída da explotación de carne, produtos de porco, esperma, óvulos ou embrións de porco, pensos para animais, utensilios, materiais e desperdicios que poidan transmiti-la peste porcina africana, a menos que medie unha autorización expedida pola autoridade competente; e que non saia carne, produtos de porco, esperma, óvulos ou embrións da explotación para o comercio intracomunitario.

f) O movemento de persoas de entrada ou saída da explotación quede supeditado á autorización escrita da autoridade competente.

g) O movemento de vehículos de entrada ou saída da explotación quede supeditado á autorización escrita da autoridade competente.

h) Nas entradas e saídas das construcións onde se aloxen os porcos, así como nas da explotación en si, se utilicen medios adecuados de desinfección. Toda persoa que entre nunha explotación de porcino, ou saia dela, cumprirá coas medidas hixiénicas pertinentes que sexan necesarias para reduci-lo risco de propagación do virus da peste porcina africana; ademais, tódolos medios de transporte deberán someterse a unha cuidadosa desinfección antes de saír da explotación.

i) Se realice unha enquisa epizootiolóxica segundo o disposto no artigo 8.

3. Cando o esixa a situación epidemiolóxica, a autoridade competente:

a) Poderalle aplicar á explotación prevista no punto 2 deste artigo as medidas previstas no punto 1 do artigo 5. Non obstante, a autoridade competente, se considera que as condicións o permiten, poderá limita-la aplicación das ditas medidas ós porcos sospeitosos de estaren infectados ou contaminados co virus da peste porcina africana e á parte da explotación en que se manteñan, sempre que estes porcos se aloxasen, mantivesen e alimentasen totalmente á parte dos demais porcos da explotación. En calquera caso, cando se maten estes porcos, tomarase deles un número suficiente de mostras para poder confirmar ou descarta-la presenza do virus da peste porcina africana, conforme o manual de diagnóstico.

b) Poderá establecer unha zona de control temporal arredor da explotación prevista no punto 2. Aplicaranse ás explotacións de porcino situadas na dita zona todas ou algunhas das medidas previstas nos puntos 1 ou 2.

4. As medidas previstas no punto 2 non se suspenderán ata que se descarte oficialmente a presenza de peste porcina africana.

Artigo 5. *Medidas en caso de confirmación de peste porcina africana nunha explotación.*

1. Cando se confirme oficialmente a presenza da peste porcina africana nunha explotación, a autoridade competente, como complemento das medidas enumeradas no artigo 4.2, ordenará que:

a) Se maten sen demora, e baixo control oficial, tódolos porcos da explotación, de tal forma que se evite todo risco de propagación do virus da peste porcina africana, tanto durante o transporte como no momento da matanza.

b) Se tome, de conformidade co manual de diagnóstico, un número suficiente de mostras dos porcos cando se maten, co fin de poder determina-la maneira de introducción do virus da peste porcina africana na explotación e o tempo que puidese estar presente nesta antes da notificación da enfermidade.

c) Se transformen, baixo supervisión oficial, os cadáveres dos porcos que morresen ou fosen matados.

d) Na medida do posible, se localicen e transformen, baixo supervisión oficial, as carnes dos porcos sacrificados durante o período incluído entre a probable introducción da enfermidade na explotación e a adopción das medidas oficiais.

e) Se localicen e destrúan, baixo supervisión oficial, o esperma, os óvulos ou os embrións de porcos, recollidos na explotación durante o período incluído entre a probable introducción da enfermidade naquela e a adopción das medidas oficiais, de tal forma que se evite todo risco de propagación do virus da peste porcina africana.

f) Toda substancia ou desperdicio que poida estar contaminado, como os pensos para animais, se someta a unha transformación, e se destrúa todo o material dun só uso que poida estar contaminado, e, especialmente, o utilizado para as operacións de sacrificio. Estas medidas deberán executarse conforme as instrucións do veterinario oficial.

g) Despois de se eliminaren os porcos, se limpen, desinsecten se é necesario, desinfecten e traten conforme o artigo 12 tódalas construcións nas que se aloxasen os porcos, así como os vehículos que se utilizasen para o transporte dos porcos ou dos seus cadáveres, e o equipo, camas, esterco e xurros que poidan estar contaminados.

h) En caso de foco primario da enfermidade, a cepa illada do virus da peste porcina africana se someta ós procedementos de laboratorio establecidos no manual de diagnóstico para identifica-lo tipo xenético.

i) Se realice unha enquisa epizootiolóxica segundo o disposto no artigo 8.

2. En caso de que se confirmase un foco nun laboratorio, zoolóxico, reserva de animais silvestres, ou zona cercada onde se manteñan os porcos con fins científicos ou relacionados coa conservación de especies ou de razas pouco comúns, a autoridade competente poderá establecer excepcións en canto ás alíneas a) e e) do punto 1, sempre que non se poñan en perigo intereses fundamentais da Unión Europea. A decisión de establecer estas excepcións notificarase inmediatamente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu traslado á Comisión Europea.

A autoridade competente aplicará, neste suposto, as medidas que poida adoptar a Comisión Europea, en caso necesario, para previ-la propagación da enfermidade.

Artigo 6. *Medidas en caso de confirmación de peste porcina africana en explotacións integradas por varias unidades de produción.*

1. En caso de confirmación de peste porcina africana en explotacións compostas por dúas ou máis unidades de produción separadas, a autoridade competente, co fin de que se leve a termo a engorda dos porcos, poderá establecer excepcións ó disposto no artigo 5.1.a), no referente ás unidades sas de produción de porcino dunha explotación infectada, sempre que o veterinario oficial confirmase que a estrutura, o tamaño e a distancia das ditas unidades de produción, así como as operacións que alí se levan a cabo, son tales que, desde o punto de vista da estabulación, do coidado e da alimentación, as unidades de referencia resultan completamente independentes, de maneira que o virus non pode propagarse dunha unidade de produción a outra.

2. En caso de que se recorra ás excepcións previstas no punto 1, a autoridade competente establecerá as disposicións de aplicación en función das garantías zoonosanitarias que poidan ofrecerse, e informará inmediatamente delas o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en caso de que se recorra a estas excepcións, informará inmediatamente a Comisión Europea. A autoridade competente aplicará as medidas que poida adoptar a Comisión Europea, en caso necesario, para previ-la propagación da enfermidade.

Artigo 7. *Medidas en explotacións de contacto.*

1. Recoñeceranse explotacións de contacto aquelas en que o veterinario oficial observe, ou considere, baseándose na enquisa epidemiolóxica realizada de acor-

do co artigo 8, que se puido introducir a peste porcina africana, ben na explotación prevista nos artigos 4 ou 5 a partir doutras explotacións, ben nestas a partir daquela.

As disposicións do artigo 4 aplicaranse en tales explotacións ata que se descarte oficialmente a presenza de peste porcina africana.

2. Cando o esixa a situación epidemiolóxica, a autoridade competente aplicará as medidas previstas no artigo 5.1 nas explotacións de contacto mencionadas no punto 1 deste artigo.

Tomarase un número suficiente de mostras dos porcos, conforme o manual de diagnóstico, no momento de os matar, para poder confirmar ou descarta-la presenza do virus da peste porcina africana nestas explotacións.

Artigo 8. *Enquisa epidemiolóxica.*

A enquisa epidemiolóxica relativa ós casos sospeitosos ou focos de peste porcina africana realizarase a partir de cuestionarios preparados no contexto do plan de urxencia previsto no artigo 21.

A dita enquisa versará, polo menos, sobre:

a) O período durante o cal puido estar presente na explotación o virus da peste porcina africana antes de que se notificase ou sospeitase a enfermidade.

b) A posible orixe da peste porcina africana na explotación, e a determinación doutras explotacións nas que se encontren porcos que puidesen resultar infectados ou contaminados a partir da mesma orixe.

c) Os movementos das persoas, vehículos, porcos, cadáveres, esperma, carnes ou calquera material que puidesen transporta-lo virus ás explotacións correspondentes ou desde estas.

d) A posibilidade de que a causa da dispersión da enfermidade radique nos vectores ou nos xabarís.

Se os resultados desta enquisa suxiren que a peste porcina africana puido propagarse desde explotacións situadas noutros estados membros, ou desde España a explotacións doutros estados membros, a autoridade competente informará inmediatamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos de que este informe de tal circunstancia a Comisión Europea e os estados membros correspondentes.

Artigo 9. *Establecemento de zonas de protección e vixilancia.*

1. En canto se confirmase oficialmente o diagnóstico de peste porcina africana nos porcos dunha explotación, a autoridade competente establecerá arredor do foco unha zona de protección dun raio mínimo de tres quilómetros, incluída á súa vez nunha zona de vixilancia dun raio mínimo de 10 quilómetros.

As medidas previstas nos artigos 10 e 11 aplicaranse nas zonas respectivas.

2. Ó establecer estas zonas, a autoridade competente deberá ter en conta:

a) Os resultados da enquisa epidemiolóxica realizada conforme o artigo 8.

b) A situación xeográfica e, en particular, as fronteiras naturais ou artificiais.

c) A localización e a proximidade das explotacións.

d) Os patróns de movementos e comercio de porcos, e a dispoñibilidade de matadoiros e de instalacións para a transformación dos cadáveres.

e) As instalacións e o persoal dispoñibles para controlar calquera movemento de porcos dentro das zonas, especialmente se os porcos que se teñan que matar teñen que saír da súa explotación de orixe.

3. En caso de que a zona de protección ou a de vixilancia se estenda a Francia, Portugal ou Andorra, a autoridade competente notificaralle esta circunstancia ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos de que poida establecerse co Estado ou estados que poidan resultar afectados a oportuna colaboración na delimitación das zonas.

En caso de que unha zona teña que incluír partes do territorio de máis dunha comunidade autónoma, a autoridade competente comunicarllo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este coordine as actuacións coa outra ou outras comunidades autónomas afectadas, co obxecto de que se estableza as correspondentes zonas de protección e vixilancia.

4. A autoridade competente adoptará tódalas medidas necesarias, incluída a utilización de sinais e carteis de advertencia ben visibles, e de medios de comunicación como a prensa e a televisión, para garantir que tódalas persoas das zonas de protección e vixilancia coñezan perfectamente as restriccións vixentes de acordo cos artigos 10 e 11, e adoptará cantas disposicións considere adecuadas para garanti-la correcta aplicación das ditas medidas.

Artigo 10. *Medidas na zona de protección establecida.*

1. A autoridade competente velará por que se apliquen as seguintes medidas na zona de protección:

a) Elaborarase o antes posible un censo de tódalas explotacións. Tralo establecemento da zona de protección, estas explotacións serán visitadas por un veterinario oficial no prazo máximo de sete días, para realizar un exame clínico dos porcos e para comproba-lo rexistro e as marcas de identificación dos porcos previstos nos artigos 4, 5 e 7 do Real decreto 205/1996.

b) Prohibiranse os movementos e o transporte de porcos por estradas públicas ou privadas, con excepción, se procede, das estradas de servizo das explotacións, a non ser que a autoridade competente os autorice ó permiti-los movementos previstos na alínea f) deste punto. Esta prohibición poderá non aplicarse ó tránsito de porcos por estrada ou ferrocarril, sen descarga nin paradas. Todo iso sen prexuízo da excepción que poida concedela Comisión Europea no caso dos porcos de abasto que non procedan da zona de protección e se dirixan a un matadoiro situado na dita zona, para o seu inmediato sacrificio.

c) Os camións e demais vehículos, e os equipos dedicados ó transporte de porcos, outros animais ou produtos que poidan estar contaminados (tales como cadáveres, pensos, esterco, xurro, etc.), limparanse, desinsectaranse se é necesario, desinfectaranse e trataranse o antes posible trala súa contaminación, de acordo coas disposicións e procedementos establecidos no artigo 12. Ningún camiión ou vehículo que servise para o transporte de porcos poderá saír da zona sen que se limpase e desinfectase, e despois fose inspeccionado e autorizado de novo pola autoridade competente para efectos de transporte.

d) Non poderá entrar nin saír da explotación ningún outro animal doméstico sen a autorización da autoridade competente.

e) Tódolos porcos mortos ou enfermos dunha explotación deberán ser declarados inmediatamente á autoridade competente, que efectuará as investigacións apropiadas de acordo cos procedementos establecidos no manual de diagnóstico.

f) Non poderán saír porcos da explotación en que se encontren durante, polo menos, 40 días a partir da finalización das operacións previas de limpeza e desinfección e, se é necesario, de desinsectación, das explo-

tacións infectadas. Ó cabo dos 40 días, baixo as condicións establecidas no punto 3, a autoridade competente poderá autoriza-la saída de porcos da dita explotación para o seu traslado directo:

1.º A un matadoiro designado pola autoridade competente, preferentemente situado na zona de protección ou de vixilancia, para o seu sacrificio inmediato.

2.º A unhas instalacións de transformación ou un lugar adecuado onde se maten inmediatamente os porcos e se transformen os seus cadáveres baixo supervisión oficial.

3.º En circunstancias excepcionais, a outros locais situados dentro da zona de protección. Neste caso, a autoridade competente informará de inmediato o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos do seu traslado inmediato á Comisión Europea.

g) O esperma, os óvulos ou os embrións de porcos non poderán saír das explotacións situadas na zona de protección.

h) Toda persoa que entre nunha explotación de porcino, ou saia dela, observará as normas hixiénicas necesarias para reduci-lo risco de propagación do virus da peste porcina africana.

2. Cando as prohibicións previstas no punto 1 se manteñan unha vez transcorridos os 40 días, debido á aparición de novos focos da enfermidade, e iso presente problemas de benestar animal ou doutro tipo para o coidado dos porcos, a autoridade competente, logo de solicitude motivada do propietario e baixo as condicións establecidas no punto 3, poderá autoriza-la saída de porcos dunha explotación situada na zona de protección para o seu traslado directo:

a) A un matadoiro designado pola autoridade competente, preferentemente situado na zona de protección ou de vixilancia, para o seu sacrificio inmediato.

b) A unhas instalacións de transformación ou a un lugar adecuado onde se maten inmediatamente os porcos e se transformen os seus cadáveres baixo supervisión oficial.

c) En circunstancias excepcionais, a outros locais situados dentro da zona de protección. Neste caso, a autoridade competente informará de inmediato o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos do seu traslado inmediato á Comisión Europea.

3. Cando se faga referencia a este punto neste real decreto, a autoridade competente poderá autoriza-la saída de porcos da explotación correspondente coa condición de que:

a) Un veterinario oficial realizase un exame clínico dos porcos da explotación e, en particular, dos que vaian saír, con inclusión da medida da temperatura corporal de acordo cos procedementos establecidos no manual de diagnóstico, así como unha comprobación do rexistro e das marcas de identificación dos porcos previstos nos artigos 4, 5 e 7 do Real decreto 205/1996.

b) As comprobacións e exames arriba citados non revelasen a presenza de peste porcina africana e poñan de manifesto o cumprimento do disposto no Real decreto 205/1996.

c) Os porcos se transporten en vehículos selados pola autoridade competente.

d) Os vehículos e o equipo que se utilizasen para o transporte de porcos se limpen e desinfecten inmediatamente tralo transporte de acordo co disposto no artigo 12.

e) Se os porcos se van sacrificar ou matar, se tome entón, de acordo co manual de diagnóstico, un número suficiente de mostras dos porcos, para poder confirmar

ou descarta-la presenza do virus da peste porcina africana nestas explotacións.

f) Se os porcos se van transportar a un matadoiro:

1.º A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de envia-los porcos a aquel, e notificaralle a chegada destes á autoridade competente de expedición.

2.º Á súa chegada ó matadoiro, estes porcos manteranse e sacrificaranse en lugares separados dos ocupados por outros porcos.

3.º Durante as inspeccións «ante mortem» e «post mortem» levadas a cabo no matadoiro designado, a autoridade competente terá en conta os posibles signos que poidan revela-la presenza da peste porcina africana.

4.º A carne fresca procedente destes porcos será transformada ou marcada co selo especial que se indica no capítulo XI, punto 50, do anexo I do Real decreto 147/1993, do 29 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas, con dous trazos perpendiculares en forma de cruz oblicua que atravesen o selo e dos cales a intersección se sitúe no centro, de forma que se permita a lectura das indicacións colocadas no interior. Posteriormente, a carne será tratada por separado conforme o disposto no punto 1 do artigo 5 do Real decreto 1066/1990, do 27 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal que deben reunir os produtos cárnicos destinados ó comercio intracomunitario e importados de países terceiros. Isto deberá efectuarse nun establecemento designado pola autoridade competente. As carnes expediranse ó dito establecemento coa condición de que o envío se sele antes da saída e permaneza selado durante todo o transporte.

4. A aplicación das medidas na zona de protección manterase, polo menos, ata que:

a) Se realizase a limpeza, desinfección e, se é necesario, desinsectación das explotacións infectadas.

b) Os porcos de tódalas explotacións fosen obxecto de exames clínicos e de laboratorio, realizados de acordo co manual de diagnóstico, co fin de detecta-la posible presenza do virus da peste porcina africana.

Os exames mencionados na alínea b) non se efectuarán antes de que transcorran 45 días desde a finalización das operacións previas de limpeza, desinfección e, se procede, desinsectación das explotacións infectadas.

5. Non obstante, e sen prexuízo do estipulado na alínea f) do punto 1 e nos puntos 2 e 4, os prazos de 40 días, establecidos na dita alínea e no citado punto 2, e de 45 días, establecido no mencionado punto 4, poderán quedar reducidos a 30 días, sempre e cando a autoridade competente aplicase, conforme o manual de diagnóstico, un programa intensivo de toma de mostras e de probas que permita descarta-la presenza do virus da peste porcina africana na explotación de que se trate.

Artigo 11. *Medidas na zona de vixilancia establecida.*

1. A autoridade competente velará por que na zona de vixilancia se apliquen as seguintes medidas:

a) Elaborarase un censo de tódalas explotacións porcinas.

b) Prohibiranse os movementos e o transporte de porcos por estradas públicas ou privadas, con excepción, en caso necesario, das estradas de servizo das explotacións, a menos que a autoridade competente os autorice. Esta prohibición poderá non aplicarse ó tránsito de porcos por estrada ou ferrocarril, sen descarga nin paradas, ou ó caso dos porcos de abasto que procedan do exterior da zona de vixilancia e se dirixan a un matadoiro situado na dita zona para o seu inmediato sacrificio.

c) Os camiões e demais vehículos, e os equipos dedicados ó transporte de porcos, outros animais ou produtos que poidan estar contaminados (tales como cadáveres, pensos, esterco, xurros, etc.), limpanse, desinsectaranse se é necesario, desinfectaranse e trátaranse o antes posible trala súa contaminación, de acordo co artigo 12. Ningún camiión ou vehículo que fose utilizado para o transporte de porcos poderá saír da zona sen limparse e desinfectarse.

d) Non poderá entrar nin saír da explotación ningún outro animal doméstico sen a autorización da autoridade competente durante os sete días seguintes ó establecemento da zona.

e) Tódolos porcos mortos ou enfermos dunha explotación deberán ser declarados inmediatamente á autoridade competente, que efectuará as investigacións apropiadas de acordo cos procedementos establecidos no manual de diagnóstico.

f) Non poderán saír porcos da explotación en que se encontren, durante, polo menos, 30 días a partir da finalización das operacións previas de limpeza, desinfección e, se é necesario, de desinsectación das explotacións infectadas. O cabo dos 30 días, baixo as condicións establecidas no punto 3 do artigo 10, a autoridade competente poderá autoriza-la saída de porcos da dita explotación para o seu traslado directo:

1.º A un matadoiro designado pola autoridade competente, preferentemente situado na zona de protección ou de vixilancia, para o seu sacrificio inmediato.

2.º A unhas instalacións de transformación ou a un lugar adecuado onde se maten inmediatamente os porcos e se transformen os seus cadáveres baixo supervisión oficial.

3.º En circunstancias excepcionais, a outros locais situados dentro da zona de protección ou de vixilancia. Neste caso, a autoridade competente informará de inmediato o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos do seu traslado inmediato á Comisión Europea.

Sen prexuízo do disposto neste parágrafo, e se os porcos se van transportar a un matadoiro, a Comisión Europea poderá autorizar excepcións ó disposto na alínea e) e na alínea f). 4.º do punto 3 do artigo 10, en particular respecto á marcaxe das carnes destes porcos e á súa utilización posterior, así como ó destino dos produtos resultantes do tratamento. Para iso, a autoridade competente remitiralle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a dita petición, acompañada da xustificación pertinente, para o seu traslado á Comisión Europea, para efectos de que esta adopte a decisión que proceda.

g) O esperma, os óvulos ou os embrións de porcos non poderán saír das explotacións situadas na zona de vixilancia.

h) Toda persoa que entre nunha explotación de porcino, ou saia dela, observará as normas hixiénicas necesarias para reduci-lo risco de propagación do virus da peste porcina africana.

2. Cando as prohibicións previstas no punto 1 se manteñan máis de 40 días, debido á aparición de novos focos da enfermidade, e iso presente problemas de benestar animal ou doutro tipo para o coidado dos porcos, a autoridade competente, logo de solicitude motivada do propietario e baixo as condicións establecidas no punto 3 do artigo 10, poderá autoriza-la saída de porcos dunha explotación situada na zona de vixilancia para o seu traslado directo:

a) A un matadoiro designado pola autoridade competente, preferentemente situado na zona de protección ou de vixilancia, para o seu sacrificio inmediato.

b) A unhas instalacións de transformación ou a un lugar adecuado onde se maten inmediatamente os porcos e se transformen os seus cadáveres baixo supervisión oficial.

c) En circunstancias excepcionais, a outros locais situados dentro da zona de protección ou de vixilancia. Neste caso, a autoridade competente informará de inmediato o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos do seu traslado inmediato á Comisión Europea.

3. A aplicación das medidas na zona de vixilancia manterase, polo menos, ata que:

a) Se realizase a limpeza, desinfección e, se é necesario, desinsectación das explotacións infectadas.

b) Os porcos de tódalas explotacións fosen obxecto de exames clínicos e, en caso necesario, de laboratorio, realizados de acordo co manual de diagnóstico, co fin de detecta-la posible presenza do virus da peste porcina africana.

Os exames mencionados na alínea b) non se efectuarán antes de transcorrer 40 días desde a finalización das operacións previas de limpeza, desinfección e, se é necesario, desinsectación das explotacións infectadas.

4. Non obstante, e sen prexuízo do estipulado na alínea f) do punto 1 e nos puntos 2 e 3, os prazos de 30 días, establecidos na dita alínea, e de 40 días, establecidos nos mencionados puntos 2 e 3, poderán quedar reducidos, respectivamente, a 21, 30 e 20 días, sempre e cando a autoridade competente aplicase, conforme o manual de diagnóstico, un programa intensivo de toma de mostrase de probas que permita descarta-la presenza do virus da peste porcina africana na explotación de que se trate.

Artigo 12. *Limpeza, desinfección e desinsectación.*

A autoridade competente adoptará as medidas necesarias para que:

a) Os desinfectantes e insecticidas que se vaian utilizar, así como a súa concentración, estean oficialmente autorizados.

b) As operacións de limpeza, desinfección e, en caso necesario, desinsectación se efectúen baixo supervisión oficial e conforme:

1.º As instrucións do veterinario oficial.

2.º Os principios e procedementos establecidos no anexo II.

Artigo 13. *Repoboación de explotacións de porcino tras rexistrarse brotes da enfermidade.*

1. A reposición de porcos nas explotacións a que se refire o artigo 5 non se levará a cabo, como moi pronto, ata 40 días despois de que finalizasen as operacións de limpeza, desinfección e, se é necesario, desinsectación realizadas na dita explotación conforme os puntos 2 a 5 deste artigo.

2. A reposición dos porcos efectuarase en función do tipo de gandería practicado na explotación de que se trate, e deberá axustarse a un dos procedementos previstos nos puntos 3 e 4 seguintes.

3. No caso de explotacións nas que a aparición da enfermidade non se asociase a vectores, aplicarase o seguinte procedemento:

a) Cando se trate de explotacións ó aire libre, a reposición dos porcos iniciarase coa introducción de porcos testemuña que fosen sometidos a probas para detectar anticorpos contra o virus da peste porcina africana, con

resultados negativos, ou que procedan de explotacións non suxeitas a restricción ningunha en relación coa peste porcina africana. Os porcos testemuña deberán ser repartidos por toda a explotación infectada, nas condicións establecidas pola autoridade competente, serán obxecto dunha toma de mostrase 45 días despois e someteranse a probas de detección de anticorpos, de acordo co manual de diagnóstico. Ningún porco poderá saír da explotación antes de que se dispoña dos resultados negativos das probas serolóxicas; no suposto de que ningún dos porcos presente anticorpos contra o virus da peste porcina africana, poderá levarse a cabo a repoboación plena.

b) En caso de calquera outra forma de cría, a reposición dos porcos efectuarase ben seguindo as medidas establecidas no parágrafo anterior, ben mediante unha repoboación total, sempre que:

1.º Tódolos porcos cheguen no prazo de 20 días e procedan de explotacións non suxeitas a restricción ningunha en relación coa peste porcina africana.

2.º Os porcos da bacorada repoboada se sometan a un exame serolóxico de conformidade co manual de diagnóstico. As mostrase para o dito exame non poderán tomarse antes de transcorridos 45 días desde a chegada dos últimos porcos.

3.º Ningún porco poida saír da explotación antes de que se dispoña dos resultados negativos do exame serolóxico.

4. No caso de explotacións nas que a aparición da enfermidade se asociase a vectores, a reposición de animais non terá lugar durante, polo menos, seis anos, a menos que:

a) Se levasen a cabo, baixo supervisión oficial e con resultados satisfactorios, operacións específicas para elimina-lo vector dos locais e recintos nos que vaian manterse os porcos ou nos que estes poidan entrar en contacto con aquel.

b) Se puidese demostrar que a persistencia do vector xa non supón un risco significativo de transmisión da peste porcina africana.

Posteriormente, serán de aplicación as medidas previstas na alínea a) do punto 3.

Ademais das anteriores medidas, sen embargo, ningún porco poderá saír da explotación considerada trala plena repoboación mentres non se sometesen a novos exames serolóxicos de detección da peste porcina africana, que resultasen negativos, mostrase dos porcos da explotación tomadas, como mínimo, 60 días despois da dita repoboación, de conformidade co manual de diagnóstico.

5. Cando a aparición da enfermidade non se asociase a vectores, e se transcorreron máis de seis meses desde a finalización das operacións de limpeza e desinfección da explotación, a autoridade competente poderá autorizar excepcións ó punto 3, á luz da situación epidemiolóxica.

6. A reposición de animais domésticos de especies diferentes dos porcos, nas explotacións a que se refire o punto 5, estará suxeita á autorización da autoridade competente, que terá en conta o risco de dispersión da enfermidade ou de persistencia dos vectores que supoña a dita reposición.

Artigo 14. *Medidas en caso de sospeita ou confirmación de peste porcina africana en porcos que se encontren nun matadoiro ou medio de transporte.*

1. En caso de sospeita de peste porcina africana nun matadoiro ou medio de transporte, a autoridade competente porá en práctica inmediatamente os medios

de investigación oficiais destinados a confirmar ou descartar a presenza da dita enfermidade, de acordo cos procedementos establecidos no manual de diagnóstico.

2. En caso de que nun matadoiro ou medio de transporte se detecte un caso de peste porcina africana, a autoridade competente velará por que:

- a) Se maten inmediatamente tódolos animais sensíbeis do matadoiro ou medio de transporte.
- b) Os cadáveres, despozos e desperdicios animais dos animais que poidan estar infectados e contaminados se transformen baixo supervisión oficial.
- c) Se proceda á limpeza, desinfección e, en caso necesario, desinsectación dos edificios e do equipo, incluídos os vehículos, baixo a supervisión do veterinario oficial, de acordo co disposto no artigo 12.
- d) Se realice unha enquisa epidemiolóxica segundo o disposto no artigo 8 para as explotacións.
- e) A cepa illada de virus da peste porcina africana se someta ós procedementos de laboratorio establecidos no manual de diagnóstico, para identifica-lo tipo xenético do virus.
- f) As medidas previstas no artigo 7 se apliquen na explotación da que procedan os porcos ou cadáveres infectados, e nas demais explotacións de contacto. Salvo indicación en contrario da enquisa epidemiolóxica, aplicaranse na explotación de orixe dos porcos ou cadáveres infectados as medidas establecidas no punto 1 do artigo 5.
- g) Non se volvan introducir animais no matadoiro ou medio de transporte ata que transcorresen, polo menos, 24 horas desde o final das operacións de limpeza, desinfección e, se é necesario, desinsectación, efectuadas de conformidade co disposto no artigo 12.

Artigo 15. Medidas en caso de sospeita ou confirmación da presenza de peste porcina africana en xabarís.

1. Inmediatamente despois de ser informada da sospeita de infección en xabarís, a autoridade competente adoptará tódalas medidas adecuadas para confirmar ou descartar a presenza da enfermidade, informará os propietarios de porcos e os cazadores, e someterá a exame, incluídas probas de laboratorio, a tódolos xabarís abatidos por disparo ou atopados mortos.

2. Así que se confirmase un caso primario de peste porcina africana en xabarís, e co fin de conter a propagación da enfermidade, a autoridade competente procederá inmediatamente a:

a) Crear un grupo de expertos que inclúa veterinarios, cazadores, biólogos de animais salvaxes e epidemiólogos. O grupo de expertos axudará a autoridade competente nas seguintes tarefas:

1.º Efectuar un estudo da situación epidemiolóxica e defini-la zona infectada, de conformidade co disposto no artigo 16.3.b).

2.º Establece-las medidas apropiadas que deban aplicarse na zona infectada, ademais das previstas nas alíneas b) e c). Estas medidas poden incluí-la suspensión da caza e a prohibición de alimenta-los xabarís.

3.º Elabora-lo plan de erradicación, que se presentará á Comisión Europea, de acordo co disposto no artigo 16.

4.º Realizar inspeccións, co fin de verifica-la eficacia das medidas adoptadas para erradica-la peste porcina africana da zona infectada.

b) Someter a vixilancia oficial as explotacións de porcino da zona infectada definida e, en particular, ordenar que:

1.º Se efectúe un censo oficial de tódalas categorías de porcos de tódalas explotacións. O censo será actualizado polo propietario; a información contida no censo deberá presentarse sempre que así se solicite, e a súa

veracidade poderá comprobarse en cada inspección. Non obstante, polo que se refire ás explotacións de porcino ó aire libre, o primeiro censo que se faga poderá ser efectuado sobre a base dunha estimación.

2.º Tódolos porcos da explotación permanezan nos cortellos, ou nalgún outro lugar no que poidan estar illados dos xabarís, os cales non deberán ter acceso a ningún material que posteriormente poida entrar en contacto cos porcos da explotación.

3.º Non entren nin saian porcos da explotación, salvo se o permite a autoridade competente, tendo en conta a situación epidemiolóxica.

4.º Nas entradas e saídas das construcións onde se aloxen os porcos, así como nas da explotación en si, se utilicen medios adecuados de desinfección e, en caso necesario, de desinsectación.

5.º Toda persoa que entre en contacto con xabarís cumpra as normas hixiénicas pertinentes para reduci-lo risco de propagación do virus da peste porcina africana.

6.º Se sometan a probas de detección da presenza de peste porcina africana tódolos porcos mortos ou enfermos dunha explotación que presenten síntomas da peste porcina africana.

7.º Non se introduza nunha explotación de porcino ningunha parte dun xabaril, tanto se se abateu por disparo como se foi atopado morto, nin ningún material ou equipo que puidese contaminarse co virus da peste porcina africana.

8.º Non saian da zona infectada porcos, nin o seu esperma, óvulos e embrións, para o comercio intracomunitario.

c) Dispor que tódolos xabarís abatidos por disparo ou atopados mortos na zona infectada definida sexan inspeccionados por un veterinario oficial e sometidos a exame de detección da peste porcina africana, de acordo co manual de diagnóstico. Os cadáveres de tódolos animais que dean positivo serán transformados baixo supervisión oficial.

Cando estas probas dean resultado negativo en canto á peste porcina africana, aplicaranse as medidas establecidas no punto 2 do artigo 10 do Real decreto 2044/1994, do 14 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias e de sanidade animal aplicables ó sacrificio de animais de caza silvestre e á produción e comercialización das súas carnes. As partes non destinadas ó consumo humano serán transformadas baixo supervisión oficial.

d) Encargarse de que a cepa illada de virus da peste porcina africana se someta ós procedementos de laboratorio establecidos no manual de diagnóstico, para identifica-lo tipo xenético do virus.

3. Cando haxa casos de peste porcina africana en xabarís nunha zona dunha comunidade autónoma próxima ó territorio de Francia, Portugal ou Andorra, a autoridade competente notificaralle esta circunstancia ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos de que poida establecerse co Estado ou estados correspondentes a oportuna colaboración no establecemento das medidas de loita contra a enfermidade.

Se houbese casos de peste porcina africana en xabarís nunha zona dunha comunidade autónoma próxima á doutra ou outras comunidades, a autoridade competente comunicarllo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este coordine as actuacións coa outra ou outras comunidades autónomas afectadas, co obxecto de que se establezan as medidas de loita contra a enfermidade.

Artigo 16. *Plans para a erradicación da peste porcina africana dunha poboación de xabarís.*

1. Sen prexuízo das medidas establecidas no artigo 15, o órgano competente da comunidade autónoma correspondente elaborará e remitiralle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu traslado á Comisión Europea, no prazo máximo de 70 días a partir da confirmación dun caso primario de peste porcina africana en xabarís, un plan no que indiquen as medidas adoptadas para erradicar-la enfermidade na zona definida como infectada, así como as medidas aplicadas ás explotacións situadas na dita zona. O dito plan será examinado pola Comisión Europea para determinar se permite alcanza-los obxectivos desexados, e poderao modificar previamente á súa aprobación.

O plan poderá ser modificado ou ampliado posteriormente para ter en conta a evolución da situación. Se estas modificacións se refiren á redefinición da zona infectada, a autoridade competente comunicarllo inmediatamente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos de que este informe a Comisión Europea e os demais estados membros.

Se as modificacións afectan outras disposicións do plan, a autoridade competente remitirá o plan modificado ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu traslado á Comisión Europea, co fin de que esta o examine e, se é o caso, o aprobe.

2. Unha vez aprobadas, as medidas contidas no plan mencionado no punto 1 substituirán as medidas iniciais a que alude o artigo 15, na data que se determine cando se conceda a aprobación.

3. O plan a que fai referencia o punto 1 conterà información acerca de:

a) Os resultados das investigacións epidemiolóxicas e controis realizados conforme o artigo 15, e a distribución xeográfica da enfermidade.

b) A definición da zona infectada definida dentro do territorio de España. O defín-la zona infectada, a autoridade competente deberá ter en conta:

1.º Os resultados das investigacións epidemiolóxicas realizadas e a distribución xeográfica da enfermidade.

2.º A poboación de xabarís na zona.

3.º A existencia de obstáculos naturais ou artificiais de importancia para os movementos dos xabarís.

c) A organización dunha estreita cooperación entre biólogos, cazadores e as súas organizacións, servicios para a protección dos animais salvaxes e autoridades veterinarias (zoosanitarias e de saúde pública).

d) A campaña de información que se vaia realizar para conciencia-los cazadores das medidas que deban adoptar no contexto do plan de erradicación.

e) As actividades concretas realizadas para determina-lo alcance da infección na poboación de xabarís, mediante o exame dos xabarís abatidos por disparo dos cazadores ou atopados mortos, e mediante probas de laboratorio, con inclusión de investigacións epidemiolóxicas por grupos de idades.

f) Os requisitos que deben cumpri-los cazadores para evita-la propagación da enfermidade.

g) O método de eliminación dos xabarís abatidos por disparo ou atopados mortos, o cal se baseará en:

1.º Transformación baixo supervisión oficial.

2.º Inspección por un veterinario oficial e probas de laboratorio segundo o previsto no manual de diagnóstico. Os cadáveres de tódolos animais que dean positivo serán transformados baixo supervisión oficial. Cando estas probas dean resultado negativo en canto á peste

porcina africana, a autoridade competente aplicará as medidas establecidas no punto 2 do artigo 10 do Real decreto 2044/1994; as partes non destinadas ó consumo humano serán transformadas baixo supervisión oficial.

h) A enquisa epidemiolóxica que se realice con cada xabaril, abatido por disparo ou atopado morto. Esta enquisa incluírá responder a un cuestionario que dea información sobre:

1.º A zona xeográfica en que o animal fose abatido ou atopado morto.

2.º A data en que o animal fose abatido ou atopado morto.

3.º A persoa que atopase ou abatese o animal.

4.º A idade e o sexo do animal.

5.º Se o animal foi abatido por disparo, síntomas antes do disparo.

6.º Se o animal foi atopado morto, estado do cadáver.

7.º Os resultados das probas de laboratorio.

i) Os programas de vixilancia e as medidas preventivas aplicables ás explotacións situadas na zona infectada definida, e, en caso necesario, en zonas circundantes, incluídas as que afecten o transporte e movemento de animais dentro desa zona, cara a ela e desde ela. Estas medidas deberán incluír, polo menos, a prohibición de que saian da zona infectada porcos, así como o seu esperma, óvulos ou embrións, para o comercio intracomunitario, e poderán incluír unha prohibición temporal da produción de porcos e a creación de novas explotacións.

j) Os demais criterios que se apliquen para suspende-las medidas adoptadas.

k) A autoridade encargada de supervisar e coordina-los departamentos responsables da execución do plan.

l) O sistema de información establecido para que o grupo de expertos nomeado de acordo co artigo 15.2.a) poida revisar periodicamente os resultados do plan de erradicación.

m) As medidas de seguimento da enfermidade que deban aplicarse cando pasase un período de, polo menos, 12 meses despois da comprobación do último caso de peste porcina africana entre xabarís na zona infectada definida. Estas medidas de seguimento estarán vixentes durante, polo menos, outros 12 meses, e incluírán, como mínimo, as medidas xa aplicadas de acordo coas alíneas e), g) e h).

4. Cada seis meses, a autoridade competente informará sobre a situación epidemiolóxica na zona definida, así como dos resultados do plan de erradicación, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que comunicará os ditos datos á Comisión Europea e ó resto dos estados membros. En caso de que a Comisión Europea adopte normas máis detalladas respecto da información que debe proporcionar sobre este aspecto, a información que debe remiti-la autoridade competente axustarase ás ditas normas.

Artigo 17. *Medidas para previ-la propagación do virus da peste porcina africana a través de vectores.*

1. En caso de presenza, posible ou presunta, de vectores nunha explotación na que se confirmase un brote de peste porcina africana, a autoridade competente adoptará as medidas necesarias para que:

a) Se estudie a presenza de vectores no edificio infectado e nos seus arredores, mediante inspección físi-

ca e, en caso necesario, mediante colocación de trampas para captura de espécimes de acordo co anexo III.

b) Se se confirma a presenza de vectores:

1.º Se realicen as oportunas probas de laboratorio para confirmar ou descarta-la presenza do virus da peste porcina africana nos vectores.

2.º Se establezan outras medidas adecuadas de seguimento, control e loita na explotación e situada arredor desta.

c) Se se confirma a presenza de vectores, pero non se pode loitar contra eles, non se manteñan na explotación porcos e, en caso necesario, outros animais domésticos durante, polo menos, seis anos.

2. A autoridade competente informará sobre a aplicación do disposto no punto 1 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que comunicará os ditos datos á Comisión Europea e ó resto dos estados membros.

3. En caso de que a Comisión Europea adopte outras medidas de seguimento e control dos vectores e de prevención da peste porcina africana, serán aplicadas pola autoridade competente.

Artigo 18. *Procedementos de diagnóstico e requisitos de bioseguridade.*

1. A autoridade competente velará por que os procedementos de diagnóstico, a toma de mostras e as probas de laboratorio para detecta-la presenza de peste porcina africana se realicen de acordo co manual de diagnóstico.

2. A coordinación das normas e métodos de diagnóstico corresponderalle ó laboratorio nacional de referencia establecido no anexo IV, as funcións do cal serán as establecidas neste. O dito laboratorio nacional cooperará co laboratorio comunitario de referencia que se menciona no anexo V, as atribucións e o cometido do cal serán os que figuran no citado anexo.

3. Co fin de garantir unhas condicións apropiadas de bioseguridade para protexe-la saúde dos animais, o virus da peste porcina africana, o seu xenoma, os seus antixenos e as vacinas para investigación, diagnóstico ou fabricación manipularanse ou utilizaranse exclusivamente en lugares, establecementos ou laboratorios aprobados pola Administración xeral do Estado. A lista de lugares, establecementos ou laboratorios aprobados por outros órganos da Administración xeral do Estado distintos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación enviarase a este, para a súa remisión á Comisión Europea xunto coa lista dos aprobados polo dito ministerio, antes do 1 de xaneiro de 2004, e posteriormente actuarase do mesmo modo coas súas actualizacións.

Artigo 19. *Uso, fabricación e venda de vacinas contra a peste porcina africana.*

1. Queda prohibido o uso de vacinas contra a peste porcina africana.

2. A manipulación, fabricación, almacenamento, subministración, distribución ou venda de vacinas contra a peste porcina africana no territorio nacional efectuarase baixo control oficial da autoridade competente.

Artigo 20. *Controis comunitarios.*

1. Na realización dos controis que os expertos da Comisión Europea realicen, representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación acompañarán os representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. Cando se realicen os ditos controis, os órganos competentes das comunidades autónomas e do Minis-

terio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, deberán prestarlles ós expertos da Comisión Europea toda a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións.

3. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados dos controis efectuados.

Artigo 21. *Plan de urxencia.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación preparará un plan de urxencia, en coordinación coas comunidades autónomas, no que especificarán as medidas nacionais que deban aplicarse ante un brote de peste porcina africana, tendo en conta factores locais tales como, en particular, a densidade porcina que poida influír na propagación da peste porcina africana.

Este plan, na elaboración do cal se terán en conta os criterios que se recollen no anexo VI deste real decreto, deberá permiti-lo acceso ás instalacións, equipo, persoal e demais material adecuado, que sexan necesarios para a rápida e eficaz erradicación do brote.

2. Unha vez elaborado o plan, será sometido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación á aprobación da Comisión Europea, que poderá introduci-las modificacións que sexan necesarias, especialmente para garanti-la súa compatibilidade cos plans doutros estados membros, así como modificalo ou completalo posteriormente para o adaptar á evolución da situación.

3. O plan será actualizado cada cinco anos, e someterase, do modo previsto no punto anterior, á aprobación da Comisión Europea.

4. A execución do plan, unha vez aprobado, correspóndelles ás autoridades competentes.

Artigo 22. *Centros de loita contra a enfermidade e grupos de expertos.*

1. En caso de aparición dun foco de peste porcina africana, o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria previsto no Real decreto 1440/2001, do 21 de decembro, polo que se establece o sistema de alerta sanitaria veterinaria, poderá actuar como centro nacional de loita contra a enfermidade, de modo plenamente funcional.

2. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, o centro nacional de loita contra a enfermidade, a que se refire o punto anterior, encargarse de dirixir e supervisa-lo funcionamento dos centros de loita contra a enfermidade a que se refire o punto 3. En particular, encargarse de:

- a) Defini-las medidas de loita necesarias.
- b) Garanti-la aplicación rápida e eficaz das medidas antes citadas, por parte dos centros locais de loita contra a enfermidade.
- c) Asignar persoal e outros recursos ós centros locais de loita contra a enfermidade.
- d) Facilitar información á Comisión Europea, ós demais estados membros, ás organizacións colexiais veterinarias nacionais, ás autoridades das comunidades autónomas e ós organismos agrarios e comerciais.
- e) Estar en contacto cos laboratorios de diagnóstico.
- f) Estar en contacto coa prensa e outros medios de comunicación.
- g) Estar en contacto coas autoridades policiais para garanti-lo cumprimento das medidas legais específicas.

3. En caso de aparición dun foco de peste porcina africana, o órgano competente da comunidade autónoma poderá constituír de inmediato un centro local de loita contra a enfermidade, plenamente operativo.

4. Mediante acordo do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, poderán atribuírse funcións do dito centro nacional ó centro local, sempre que non se poñan en perigo os obxectivos do centro nacional de loita contra a enfermidade.

5. Crearase un grupo de expertos, con carácter permanente, en materia de peste porcina africana, co fin de mante-los coñecementos especializados necesarios para axuda-las autoridades competentes a estaren preparadas ante toda posible aparición da enfermidade.

En caso de aparición da enfermidade, o grupo de expertos asistirá as autoridades competentes, como mínimo, nas seguintes tarefas:

- a) A enquisa epidemiolóxica.
- b) A toma de mostras, a realización de probas e a interpretación dos resultados das probas de laboratorio.
- c) A adopción de medidas de loita contra a enfermidade.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e os órganos competentes das comunidades autónomas velarán, no ámbito das súas respectivas competencias, por que o centro nacional de loita, os centros locais e o grupo de expertos dispoñan do persoal, instalacións e equipos, incluídos sistemas de comunicación, que resulten necesarios, e dunha cadea de mando e un sistema de xestión claros e eficaces que garantan unha rápida aplicación das medidas de loita contra a enfermidade previstas neste real decreto. No plan de urxencia a que se refire o artigo 21, detallaranse os aspectos relativos ó persoal, ás instalacións, ó equipo, á cadea de mando e ó sistema de xestión do centro nacional e os centros locais, e ó grupo de traballo de expertos.

Artigo 23. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. *Indemnización por sacrificio obrigatorio.*

O sacrificio obrigatorio dos animais por peste porcina africana, ordenado pola autoridade competente, dará dereito á correspondente indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos previstos para o efecto na normativa vixente. Unicamente terán dereito a indemnización aqueles propietarios de gando que cumprisen coa normativa vixente en materia de sanidade animal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto, e expresamente:

a) Os artigos segundo, terceiro, punto 3, sexto e noveno do Real decreto 791/1979, do 20 de febreiro, polo que se regula a loita contra a peste porcina africana e outras enfermidades do gando porcino, así como as normas establecidas na dita disposición relativas á peste porcina africana, en canto se opoñan ó previsto neste real decreto.

b) O Real decreto 425/1985, do 20 de marzo, que establece o programa coordinado para a erradicación da peste porcina africana.

c) O Real decreto 983/1987, do 24 de xullo, polo que se establecen normas complementarias ó programa coordinado para a erradicación da peste porcina africana.

d) A Orde do 31 de maio de 1985 pola que se desenvolve o Real decreto 425/1985, do 20 de marzo, que establece o programa coordinado para a erradicación da peste porcina africana.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica estatal e dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, salvo o parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 9 e o parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 15, que se amparan na competencia exclusiva do Estado sobre sanidade exterior do mesmo artigo 149.1.16.^a

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 650/1994, do 15 de abril.*

O anexo I do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, queda redactado como segue:

«ANEXO I

Lista de enfermidades de declaración obrigatoria

Enfermidades/período máximo de incubación.

- Peste bovina/21 días.
- Peste dos pequenos ruminantes/21 días.
- Enfermidade vesicular porcina/28 días.
- Lingua azul/40 días.
- Enfermidade hemorráxica epizoótica dos cervos/40 días.
- Variola ovina e caprina/21 días.
- Estomatite vesicular/21 días.
- Peste porcina africana/40 días.
- Dermatose nodular contaxiosa/28 días.
- Febre do Val do Rift/30 días.»

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modifica-lo contido dos anexos deste real decreto para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2003.

Dado en Madrid o 9 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I**Notificación da enfermidade e demais información epidemiolóxica que debe proporcionarse en caso de confirmación de peste porcina africana**

1. No prazo máis breve posible, que non excederá de 24 horas a partir da confirmación de cada foco primario, caso primario en xabaris, ou caso nun matadoiro ou medio de transporte, a autoridade competente notificaralle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante o sistema de notificación de enfermidades animais establecido no Real decreto 2459/1996, para o seu envío de forma inmediata á Comisión Europea e ó resto de Estados membros, os seguintes datos:

- a) Data de expedición.
- b) Hora de expedición.
- c) Comunidade autónoma de que se trate.
- d) Nome da enfermidade.
- e) Número de foco ou caso.
- f) Data en que se empezou a sospeita-la presenza de peste porcina africana.
- g) Data de confirmación.
- h) Métodos utilizados para a confirmación.
- i) Se a enfermidade se confirmou en xabaris ou en porcos dunha explotación, matadoiro ou medio de transporte.
- j) Situación xeográfica do lugar onde se confirmou o foco ou o caso de peste porcina africana.
- k) Medidas aplicadas de loita contra a enfermidade.

2. En caso de aparición de focos primarios ou casos en matadoiros ou medios de transporte, ademais dos datos previstos no punto 1, deberá comunicarse tamén, na forma e condicións previstas no dito punto, a seguinte información:

- a) Número de porcos sensibles no foco, matadoiro ou medio de transporte.
- b) Número de porcos mortos de cada categoría na explotación, matadoiro ou medio de transporte.
- c) De cada categoría, morbilidade da enfermidade e número de porcos nos que se confirmase a peste porcina africana.
- d) Número de porcos sacrificados no foco, matadoiro ou medio de transporte.
- e) Número de cadáveres transformados.
- f) Se se trata dun foco, a súa distancia á explotación de porcino máis próxima.
- g) Se se confirmou a presenza de peste porcina africana nun matadoiro ou medio de transporte, situación da explotación ou explotacións de orixe dos porcos ou cadáveres infectados.

3. En caso de aparición de focos secundarios, a información prevista nos puntos 1 e 2 deberá comunicarse o primeiro día laborable de cada semana.

4. A información que deba proporcionar-la autoridade competente en relación cun foco ou caso de peste porcina africana nunha explotación, matadoiro ou medio de transporte en virtude dos puntos 1, 2 e 3, irá seguida, o antes posible, por un informe escrito que a autoridade competente enviará ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa remisión á Comisión Europea e ós demais estados membros, que recolla polo menos os seguintes aspectos:

- a) Data na que se matasen os porcos da explotación, matadoiro ou medio de transporte e na que se transformasen os seus cadáveres.
- b) Resultados das probas realizadas coas mostras tomadas no momento de mata-los porcos.
- c) En caso de que se recorrese á excepción prevista no punto 1 do artigo 6, número de porcos que se mata-

sen e transformasen, así como número de porcos que deban sacrificarse posteriormente e prazo fixado para levar a cabo o dito sacrificio.

d) Calquera dato referente á posible orixe da enfermidade, ou á súa orixe efectiva cando se puidese determinar.

e) Información sobre o sistema de control establecido para garanti-la aplicación efectiva das medidas previstas nos artigos 10 e 11 en relación co control dos movementos de animais.

f) En caso de foco primario ou caso de peste porcina africana nun matadoiro ou medio de transporte, tipo xenético do virus responsable do foco ou do caso.

g) En caso de que se matasen porcos en explotacións de contacto, ou en explotacións con porcos sospeitosos de estar infectados co virus da peste porcina africana, información sobre:

1.º A data de morte e o número de porcos de cada categoría matados en cada explotación.

2.º A relación epidemiolóxica entre o foco ou caso de peste porcina africana e cada unha das explotacións de contacto, ou calquera outro motivo que levase a sospeita-la presenza de peste porcina africana en cada explotación sospeitosa.

3.º Os resultados das probas de laboratorio realizadas coas mostras tomadas dos porcos nas explotacións e no momento de os matar.

En caso de que non se maten os porcos das explotacións de contacto, debe informarse dos motivos de tal decisión.

ANEXO II**Principios e procedementos de limpeza, desinfección e tratamento con insecticidas**

1. Principios e procedementos xerais:

a) As operacións de limpeza e desinfección e, en caso necesario, as destinadas á destrución de roedores e insectos con produtos oficialmente autorizados, levaranse a cabo baixo supervisión oficial e de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

b) Os desinfectantes que se vaian utilizar, e as súas concentracións, estarán aprobados oficialmente de acordo co disposto no Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, para garanti-la destrución do virus da peste porcina africana.

c) A eficacia dos desinfectantes comprobarase regularmente antes da súa utilización, xa que nalgúns casos diminúe en condicións de almacenamento prolongado.

d) A elección dos desinfectantes, dos insecticidas e dos métodos de desinfección e de desinsectación farase en función da natureza dos locais, vehículos e obxectos que se vaian tratar.

e) As condicións de utilización dos produtos desengraxantes, desinfectantes e insecticidas deben ser tales que non diminúa a súa eficacia; en particular, deberán observarse os parámetros técnicos comunicados polo fabricante, como presión, temperatura mínima e tempo de contacto necesario.

f) Independentemente do desinfectante utilizado, aplicaranse as regras xerais seguintes:

1.º A cama e as materias fecais deben empaparse totalmente co desinfectante.

2.º Cómpre lavar e limpar, mediante cepillado e fregado minucioso, a terra, os chans, as ramplas e as paredes, tras retirar ou desmontar, cando sexa posible, os equipos ou instalacións para non dificultar as operacións de limpeza e desinfección.

3.º Despois deberá volverse a aplica-lo desinfectante durante o tempo mínimo de contacto previsto nas recomendacións do fabricante.

4.º A auga utilizada para as operacións de limpeza debe eliminarse de tal forma que se evite calquera risco de propagación do virus, e de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

g) Cando o lavado se realice con líquidos aplicados a presión, deberá evitarse a recontaminación das partes limpiadas previamente.

h) Deberá incluírse o lavado, desinfección ou destrución dos equipos, instalacións, artigos ou compartimentos que poidan estar contaminados.

i) Trala realización da desinfección, deberá evitarse a recontaminación.

j) A limpeza, desinfección e desinsectación impostas no ámbito deste real decreto deberán estar documentadas no rexistro da explotación ou do vehículo e, cando se esixa unha aprobación oficial, estar certificadas polo veterinario oficial supervisor.

2. Disposicións especiais sobre limpeza e desinfección das explotacións infectadas:

a) Limpeza e desinfección previas:

1.º Con ocasión da matanza dos animais, tomaranse tódalas medidas necesarias para evitar ou reducir ó mínimo a dispersión do virus da peste porcina africana; entre elas figurará a instalación de equipos temporais de desinfección, a subministración de vestimenta protectora, duchas, descontaminación do equipo, instrumentos e instalacións utilizados, así como a interrupción da alimentación eléctrica ó sistema de ventilación.

2.º Os cadáveres dos animais matados deberán asperxirse con desinfectante.

3.º Cando os cadáveres deban sacarse da explotación para a súa transformación, utilizaranse recipientes tapados e estancos.

4.º En canto se retiren os cadáveres dos porcos para a súa transformación, as partes da explotación en que se mantivesen os animais, así como calquera parte doutros edificios, currais, etc., contaminada durante a matanza ou a autopsia, deberán asperxirse con desinfectantes autorizados conforme o disposto no artigo 12.

5.º Os tecidos ou o sangue que se vertesen durante o sacrificio ou a autopsia, ou a contaminación visible dos edificios, currais, utensilios, etc., deberán recollese coidadosamente e transformarse xunto cos cadáveres.

6.º O desinfectante utilizado deberá permanecer sobre a superficie tratada durante, polo menos, 24 horas.

b) Limpeza e desinfección finais:

1.º O esterco e as camas utilizadas deberán ser retirados e tratados segundo se dispón na alínea a) do punto 3 deste anexo.

2.º A graxa e a sucidade deberán eliminarse de calquera superficie cun produto desengraxante, e as superficies lavarase con auga.

3.º Tralo lavado con auga fría, asperxiranse novamente as superficies con desinfectante.

4.º Unha vez transcorridos sete días, os locais deberán tratarse cun produto desengraxante, enxaugarse con auga, asperxirse con desinfectante e enxaugarse de novo con auga.

3. Desinfección de camas, esterco e xurro contaminados:

a) O esterco e as camas usadas deberán amontoarse para xerar calor, asperxirse cun desinfectante e deixarse durante, polo menos, 42 días, ou ben destruírse mediante incineración ou enterramento.

b) O xurro conservarase durante, polo menos, 60 días trala última adición de material infeccioso, salvo que a autoridade competente autorice un período de conservación máis reducido para o xurro que se tratase eficazmente, de acordo coas instrucións do veterinario oficial, para garanti-la destrución do virus.

4. Malia o disposto nos puntos 1 e 2 deste anexo, cando se trate de explotacións ó aire libre, a autoridade competente poderá establecer procedementos específicos de limpeza e desinfección, tendo en conta o tipo de explotación e as condicións climáticas.

ANEXO III

Directrices para detecta-los vectores

1. A busca de vectores deberá efectuarse nos locais onde os porcos viven e pernoitan, así como nas súas inmediacións.

Normalmente os vectores atópanse en edificios vellos, ó abrigo da luz do día, nos que concorren condicións favorables de temperatura e humidade.

A busca terá mellores resultados se se efectúa ó final da primavera, durante o verán ou a primeiros de outono, períodos nos que os vectores son máis activos.

2. Deberanse utilizar dous métodos de busca:

a) Busca dos vectores na terra, na area ou no po, extraídos mediante un cepillo ou calquera outro instrumento apropiado dos espazos entre as pedras (no caso de locais construídos en pedra) ou dos intersticios ou fendeduras existentes nas paredes baixo as tellas ou no chan dos locais. Se fose necesario, a terra e a area deberán peneirarse. Poderá ser conveniente a utilización dunha lupa para detecta-las larvas novas.

b) Busca dos vectores mediante trampas de CO₂. As trampas deberán colocarse durante varias horas nos locais dos porcos, de preferencia durante a noite e, en calquera caso, en lugares ó abrigo da luz do día. As trampas deberán construírse de forma que os vectores se acerquen o máis posible á fonte de CO₂ e xa non poidan volver ó seu refuxio.

ANEXO IV

Laboratorio nacional de referencia de peste porcina africana

1. Désígnase como laboratorio nacional de referencia de peste porcina africana o Centro de Investigación en Sanidade Animal, 28130, Valdeolmos, Madrid.

2. O laboratorio nacional estará encargado de velar por que as probas de laboratorio para detecta-la presenza de peste porcina africana, e identifica-lo tipo xenético das cepas illadas do virus, se axusten ó manual de diagnóstico. Para tal efecto poderán establecer acordos especiais co laboratorio comunitario de referencia, ou con outros laboratorios de referencia nacional doutros estados membros.

3. O laboratorio nacional será responsable da coordinación das normas e dos métodos de diagnóstico utilizados por cada laboratorio de diagnóstico de peste porcina africana autorizado polas comunidades autónomas, e para iso:

a) Poderá proporcionar reactivos para o diagnóstico ós distintos laboratorios.

b) Controlará a calidade de tódolos reactivos de diagnóstico utilizados en España.

c) Organizará periodicamente probas comparativas.

d) Conservará cepas illadas do virus da peste porcina africana procedentes de casos e focos confirmados en España.

ANEXO V**Laboratorio comunitario de referencia para a peste porcina africana**

1. O laboratorio comunitario de referencia para a peste porcina africana é o seguinte: Centro de Investigación en Sanidade Animal, 28130, Valdeolmos, Madrid, España.

2. As atribucións e o cometido do laboratorio comunitario de referencia da peste porcina africana serán os seguintes:

a) Coordinar, en concertación coa Comisión Europea, os métodos de diagnóstico da peste porcina africana empregados nos estados membros, especialmente mediante:

1.º A conservación e subministración de cultivos celulares para o diagnóstico.

2.º A tipificación, a conservación e a subministración de cepas do virus da peste porcina africana para as probas serolóxicas e a preparación de antisoros.

3.º A subministración de soros normalizados, soros conxugados e outros reactivos de referencia, ós laboratorios nacionais, para harmoniza-las probas e reactivos empregados nos estados membros.

4.º A creación e conservación dunha colección de virus da peste porcina africana.

5.º A organización periódica de probas comparativas comunitarias dos procedementos de diagnóstico.

6.º A recompilación de datos e información sobre os métodos de diagnóstico utilizados e os resultados das probas efectuadas.

7.º A caracterización das cepas illadas do virus mediante os métodos máis avanzados dispoñibles, para lograr unha mellor comprensión da epizootioloxía da peste porcina africana.

8.º O seguimento da evolución en todo o mundo da vixilancia, epizootioloxía e prevención da peste porcina africana.

9.º A acumulación dos coñecementos especializados sobre o virus da peste porcina africana e outros virus pertinentes, para poder facer un diagnóstico diferencial rápido.

b) Adopta-las disposicións necesarias para a formación e a reciclaxe dos expertos en diagnóstico de laboratorio, para harmoniza-las técnicas de diagnóstico.

c) Dispor de persoal cualificado para posibles situacións de urxencia que se presenten na Unión Europea.

d) Desenvolver e, cando sexa posible, coordinar actividades de investigación destinadas a mellora-la loita contra a peste porcina africana.

e) Establecer protocolos técnicos relativos ós procedementos de comprobación da eficacia dos desinfectantes contra o virus da peste porcina africana.

3. Os laboratorios comunitarios de referencia para a peste porcina clásica e a peste porcina africana organizarán as súas actividades de modo tal que se garanta unha adecuada coordinación das probas comparativas organizadas a escala comunitaria para o diagnóstico de ámbalas enfermidades.

ANEXO VI**Criterios e requisitos do plan de urxencia**

1. O plan de urxencia axustarase, polo menos, ós criterios e requisitos seguintes:

a) Tomaranse disposicións co fin de garanti-la capacidade legal necesaria para a execución do plan de urxencia, e permitir unha campaña de erradicación rápida e eficaz.

b) Tomaranse disposicións que garantan o acceso a fondos de urxencia, recursos orzamentarios e recursos financeiros, para cubrir tódolos aspectos da loita contra unha epizootia de peste porcina africana.

c) Establecerase unha cadea de mando que garanta a rapidez e eficacia do proceso de toma de decisións en caso de epizootia. Se así procede, a cadea de mando en cada comunidade autónoma estará baixo a autoridade dun único centro de decisión que será o encargado de dirixi-las distintas estratexias de loita contra a enfermidade e servir de enlace co centro nacional de loita contra a enfermidade a que se refire o artigo 22.

d) Tomaranse medidas co fin de dispor dos recursos adecuados para poder levar a cabo unha campaña rápida e eficaz, incluídos o persoal, os equipos e o material de laboratorio.

e) Proporcionarase un manual de instrucións actualizado no que se describan de forma detallada, exhaustiva e práctica tódolos procedementos, instrucións e medidas de loita que deban aplicarse ante un foco de peste porcina africana.

f) O persoal tomará parte periodicamente en:

1.º Accións de formación sobre signos clínicos, enquisa epidemiolóxica e loita contra a peste porcina africana.

2.º Exercicios de alerta no ámbito nacional, que terán lugar, polo menos, dúas veces ó ano.

3.º Accións de formación sobre técnicas de comunicación, para a organización de campañas de sensibilización sobre a enfermidade destinada ás autoridades, ós gandeiros e ós veterinarios.

2. Os criterios e requisitos previstos no punto anterior poderán ser modificados ou completados pola Comisión Europea para atender-la natureza específica da peste porcina africana e o progreso das medidas de loita contra a enfermidade.

XEFATURA DO ESTADO

10463 *LEI 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.* («BOE» 124, do 24-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O desenvolvemento económico sostido e a mellora da calidade de vida non se poden desvincular da creación de infraestruturas e da prestación ós cidadáns de servizos considerados esenciais, funcións ambas que teñen nos poderes públicos os responsables máis cualificados. O protagonismo das distintas administracións públicas non debe nin pode excluír, sen embargo, para asegurar unha mellor resposta ás demandas da sociedade, o papel relevante que corresponde á propia sociedade civil en xeral e, no plano económico, ó empresario privado, colaborador obrigado e tradicional da Administración a través das distintas fórmulas recollidas na nosa lexislación.